

Asemblea Xeral 2021

Acta da Asemblea Xeral

Data: 29 de maio de 2021

Lugar:

Para contribuír a paliar os efectos da pandemia xerada pola COVID-19, así como para velar pola saúde das persoas socias, esta Asemblea Xeral Ordinaria lévase a cabo por videoconferencia e, polo tanto, os acordos adoptaranse virtualmente. Esta medida tómase en primeiro lugar ao amparo dos Estatutos de Som Energia e subsidiariamente polo que recolle o artigo 9 sobre medidas relativas á convocatoria e celebración das asembleas xerais, do Decreto Lei 47/2020, de 24 de novembro, de medidas extraordinarias de carácter económico no sector das instalacións xuvenís, de medidas no sector das cooperativas, así como aquilo que establece o Capítulo 1 do Decreto Lei 7/2021. En consecuencia, a Asemblea Xeral enténdese que se celebrou no domicilio social da cooperativa, na rúa Pic de Peguera, número 11, (17003) GIRONA.

Na sesión do Consello Reitor celebrada o 1 de maio acordouse a orde do día que se proporía á Asemblea Xeral e procedeuse a convocala en data de 11 de maio de 2021. A documentación asociada á orde do día estaba xa ao dispor das socias e fíxoselles chegar por correo electrónico. Tamén estaba dispoñíbel na web corporativa www.somenergia.coop

Hora de inicio: ás 10 h - hora peninsular (celebrada en segunda convocatoria).

Hora de finalización: ás 14 h - hora peninsular.

Listaxe asistentes: Ver listaxe de asistentes no Libro de Actas.

Orde do día:

1. Elección das persoas interventoras da acta
2. Benvida
3. [INFO] Memoria social e económica 2020
- 4. [VOTO] Contas Anuais 2020**
5. [INFO] Informe da Intervención de Contas
- 6. [VOTO] Aplicación do excedente cooperativo 2020**
- 7. Designación da empresa auditora das contas anuais de Som Energia e do grupo consolidado**
8. [INFO] Seguimento das Mocións aprobadas en 2019
9. [INFO] Informe sobre a aplicación do Balance da Economía do Ben Común [moción AG2019]
- 10. [VOTO] Reducir os 500 apoios que precisan as mocións para chegar á Asemblea Xeral**
- 11. [VOTO] Axudar á promoción de instalacións de autoprodución mediante o lobby fiscal**
- 12. [VOTO] Estudar e avaliar a fotovoltaica flotante da man das cooperativas europeas**
- 13. [VOTO] Estudar e avaliar o impacto da centralización do Equipo Técnico de Som Energia**
- 14. [VOTO] Usos e reparto do donativo voluntario**
15. [INFO] Retorno Plan de Acción 2020
- 16. [VOTO] Tipo de Xuro anual ás achegas voluntarias ao capital social**
- 17. [VOTO] Período de devindicación das achegas voluntarias ao capital social**
- 18. [VOTO] Ratificación e continuidade do modelo de achegas voluntarias ao capital social**
- 19. [VOTO] Tarifas Eléctricas 2021 e información das novas peaxes**
- 20. [VOTO] Modificacións estatutarias: Desenvolvemento da web corporativa**
- 21. [VOTO] Modificacións estatutarias: Adaptación a normativa**
- 22. [VOTO] Modificacións estatutarias: Obxecto social**
- 23. [VOTO] Modificacións estatutarias: Comunidades de bens como socias**
- 24. [VOTO] Modificacións estatutarias: Acordos de admisión por parte do Consello Reitor**
- 25. [VOTO] Modificacións estatutarias: Aprobación do Regulamento de Réxime Interno por maioría simple**
- 26. [VOTO] Modificacións estatutarias: Reunións virtuais do Consello Reitor**
- 27. [VOTO] Renovación do Consello Reitor.**
- 28. [VOTO] Renovación da Intervención de Contas**
29. [INFO] Plan de Acción 2021
- 30. [VOTO] Aprobación do Orzamento 2021**
31. Despedidas das persoas que deixan os cargos
32. Resultados da votación e peche da Asemblea

1. Elección das persoas interventoras da acta

O Presidente do Consello Reitor, Albert Banal, que preside esta Asemblea Xeral 2020, declara inaugurada a mesma e dá a benvida a toda a base societaria. Exerce de Secretario da Asemblea Roger Reixach, Secretario do Consello Reitor.

O Presidente admite todas as solicitudes de representación de voto solicitadas por escrito e solicita dúas persoas voluntarias como interventoras da acta da asemblea.

Preséntanse Jaume Josa i Pons e Marta Doncel Garcia.

2. Benvida

O presidente menciona o formato virtual da asemblea, debido á situación creada pola Covid-19.

Lembra o momento único que significa a asemblea. Porque é o espazo de toma de decisións importantes para a cooperativa, de xeito democrático baixo o criterio de unha persoa socia un voto, abrindo a posibilidade de informarse para o voto cualificado, mais tamén de dar contas por parte do Consello Reitor, ademais de explicar o que vén o próximo ano.

O Presidente explica os horarios da xornada.

10.00 - 12.00 h - Explicación dos puntos da Orde do día polo Consello Reitor e inicio das votacións.

12.00 - 12.30 h - Espazo reservado para que as persoas socias poidan facer chegar dúbidas e preguntas.

12.30 - 13.00 h - Descanso.

13.00 - 13.45 h - Recupérase a sesión para dar resposta ás dúbidas que se formularan.

13.45 - 13.55 h - Últimos minutos para que as persoas socias poidan acabar de votar.

13.55 - 14:00 h - Péchase o panel de votacións.

14.00 h - Presentación dos resultados das votacións.

O Presidente dá a palabra ao secretario Roger Reixach, quen conducirá a sesión.

Roger Reixach destaca que máis de 130 persoas están a seguir a Asemblea e convoca a que as persoas socias sexan partícipes compartindo imaxes e deixando as súas mensaxes a través das redes sociais, co hashtag #SomAG2021.

O secretario comeza a dar palabra ás persoas que van expor os distintos puntos de información ou voto.

3. Memoria social e económica 2020

Núria Albet expón ese punto. Destaca o ano do décimo aniversario con todo o que aconteceu e que están representados con imaxes na mesma presentación. Fai reconto da evolución de persoas socias, con todo o que comporta realizado conxuntamente (achegas voluntarias, aula popular, achega donativo voluntario, actividade dos grupos locais, agora en situación de pandemia, etc.).

En comercialización medrouse tanto en número de contratos como de enerxía eléctrica utilizada.

Destacamos a posta en funcionamento da planta de xeración Tahal en Almería e o inicio de construción da planta de Los Llanillos en Granada.

24 compras colectivas realizadas e con moitas persoas inscritas, case 2000 acumuladas desde o inicio.

Documentación:

https://drive.google.com/file/d/1zbXG9QmCn3_613PbWqz7x7kZCzOakK6O/view

4. Contas Anuais 2020

Albert Banal explica este punto que se leva a votación. Sinala que toda a documentación está dispoñíbel na web da asemblea e tamén no Participa.

Informa das distintas empresas do grupo da cooperativa. En comercialización destaca que o prezo da enerxía aumentou. En 2020 o prezo da enerxía foi baixo e nós compramos a enerxía máis cara en mercado de futuros. En termos de contrato medramos, a un ritmo inferior que nos anos previos e do previsto. En cambio, en canto a enerxía utilizada medramos debido á Covid-19, que nos obrigou a estar máis na casa.

Resultados netos inferiores ao ano anterior, por menor crecemento e outros incrementos que se detallan a continuación.

Mostra cadro de resultados: son 6.888.949 € de marxe bruta de explotación.

Explica o aumento do Equipo Técnico, ademais dun ordenamento do escalado salarial, que pasa a representar un 4,5 % dos ingresos netos, en comparación co 3,8 % do ano anterior. A diferenza salarial entre o máis alto e o máis baixo actualmente é de 2,5 veces.

Explica gastos de explotación, sen moitos cambios en relación co ano anterior. Baixou a partida de alugamento, outras subiron, mais en xeral estábel. Destácase a parte destinada á morosidade que aumentou, debido á pandemia. Os impagamentos que teñen máis de 6 meses son considerados como perda e considérase a provisión correspondente. A provisión para o IAE repítese este ano, así como a parte correspondente do bono social recadada de máis, para posíbeis futuros pagamentos por este concepto.

Explica a reclasificación contábel a respecto do donativo voluntario, indicando que o total é estábel en relación co ano anterior.

O resultado financeiro das empresas vehículo é case cero.

Finalmente, en comercialización sinalan que entre todas xeramos 3.400.000 € de recursos propios para a cooperativa e un beneficio neto de 681.000 € aproximadamente.

En canto á xeración, a produción en 2020 de case todas as plantas funcionou preto do previsto. Mostra o resumo de ingresos. Producimos un 10 % máis que no ano anterior; aínda así, tivemos un 13 % de ingresos menos, debido ao baixo custo da enerxía en 2020.

Destácase a nova actividade como representantes, que tamén está a xerar ingresos.

Finalmente, resume os resultados netos das distintas actividades da cooperativa, que son positivos mais inferiores ao anterior ano debido á pandemia. En canto ao grupo consolidado da cooperativa xeramos 561.395 €.

Documentación:

https://drive.google.com/drive/folders/1I85xwn-KixdeLhuwts_TKhgO_tIWZ9Z

5. Informe da Intervención de Contas

Sobre o Informe da Intervención de Contas, agrádese a súa achega, xa que ten puntos interesantes e reivíndicase a súa lectura ou consulta.

Documentación:

https://docs.google.com/document/d/15792iGKyTN-stpes5qDSA_uPqQB6soq--_kB0_-sJzU/edit

6. Aplicación do excedente cooperativo 2020

Propomos destinalo a reserva. Un obrigatorio, outro voluntario e un terceiro que cumpre criterio como reserva da cooperativa.

Proposta levada a votación:

Proponse que o excedente cooperativo xerado de 681.548 euros se destine integramente a reservas da cooperativa coa seguinte aplicación:

Fondo de reserva obrigatorio: 419.534 €

Fondo destinado á consolidación, desenvolvemento e garantía da cooperativa, de obrigado cumprimento segundo a Lei 12/2015, de 9 de xullo, de Cooperativas. Debe

ser como mínimo o 20 % dos excedentes cooperativos netos e o 50 % dos beneficios extra cooperativos netos.

Reservas voluntarias: 223.187 €

Por ser sociedade sen ánimo de lucro, todo o beneficio non incluído no Fondo de reserva obrigatorio ou na reserva de capitalización se destina ao Fondo de reserva voluntario.

Reserva de capitalización: 38.826 €

Reserva que poden realizar as empresas que, coma nós, aumentan os seus fondos propios de xeito sostido e que supón unha redución da base impositíbel no imposto de sociedades.

Documentación:

https://docs.google.com/document/d/1hmqNw8LG_kGEPsYvd08k-wdKWIZOsnHxtuK-1sjoRPE/edit

7. Nomeamento da empresa auditora das contas anuais de Som Energia e do grupo consolidado

Nos últimos anos realízase unha auditoría externa das contas da cooperativa. Proponse continuar coa empresa que foi realizando esta tarefa nos últimos anos, Auditoria i Control Auditors SLP. Para os anos 2021, 2022 e 2023.

Documentación:

https://docs.google.com/document/d/16h_jvfNkiJ1bRipb_3vlt9o9iJN4vwY5tLFQUw1iaG8/edit#heading=h.hduyp9y0hzoh

8. Seguimento das Mocións aprobadas en 2019

Irene Machuca explícanos este punto da Orde do día, a través dun vídeo rexistrado pola súa imposibilidade de asistir, por problemas persoais, no inicio da Asemblea.

Lembra que en 2019 se aprobaron 10 mocións. Fai reconto do estado de evolución das mocións, as realizadas, as que están en curso e as que quedan por iniciar.

Destácase que en canto á moción de PPA quedan debates por desenvolver, como por exemplo se estamos dispostos a pagar máis pola enerxía que utilizamos, ou a ter unha referencia propia do prezo da enerxía que consideremos xusto.

En canto á moción de normalización lingüística, o documento actualizouse e no ano próximo adaptarase o sistema de xestión ERP para xerar, por exemplo, facturas nos 4 idiomas.

Da participación da comunidade local en proxectos de Som Enerxia tamén nos xorden novos debates, xa que este tema topa coa estratexia de xeración de Som Enerxia. Como vehicular os proxectos de Som Enerxia ao territorio?

En canto ao balance do ben común, decidiuse facer un estudo de comparativa co balance da economía social e solidaria.

Noméanse as mocións aprobadas en 2019 e que aínda non se iniciaron e están pendentes de desenvolvemento para este 2021.

Documentación:

https://docs.google.com/presentation/d/1Vg2Kv5Wlcpqi8Hz_mtK10cSra2bPBOT_df2xbuUwYRQ/edit

9. Informe sobre a aplicación do Balance da Economía do Ben Común [moción AG2019]

Irene Machuca explica que este balance é unha ferramenta que mide como a empresa vive a dignidade humana, a solidariedade, a xustiza social, a sostibilidade ecolóxica e a democracia con todos os seus provedores e clientes. O informe explica a través de indicadores o grao de cumprimento por parte da empresa.

Do mesmo xeito, o balance social, que é o que realiza a cooperativa e que é unha ferramenta tecnolóxica de software libre, avalía o seguimento de 6 grandes características dunha empresa responsábel socialmente e que son: a democracia, a igualdade, o compromiso social, o compromiso ambiental, a calidade laboral e a calidade profesional.

Do estudo realizado, destaca poder valorar aspectos non mercantís, o balance do ben común require unha auditoría externa cos seus custos (con recoñecemento internacional), por outro lado, Som Enerxia está vinculada á Rede de Economía Social e do balance social referente dentro deste marco, co cal debemos cumprir co selo de calidade desta rede. Por iso, Som Enerxia non pode deixar de facer o balance social e incorporar o Balance de Economía, o Ben Común sería duplicar esforzos sen un retorno significativo no desenvolvemento da cooperativa. Por este motivo descártase realizar o Balance de Economía do Ben común.

Documentación:

https://docs.google.com/document/d/1uRXGTcHEyckLrxuBugGgQVRoq_ciiVh6G5Db2jqN4-8/edit#heading=h.gjdgxs

Reixach entrega a palabra a Núria Albet.

10. Reducir os 500 apoios que precisan as mocións para chegar á Asemblea Xeral

Núria Albet destaca que as mocións deste ano estiveron traballadas por un grupo de persoas socias.

Unha delas é a que solicita reducir o número de apoios para que as mocións sexan introducidas na orde do día da Asemblea para seren votadas.

Lembra que é unha moción que modifica o Regulamento de Réxime Interno e que polo tanto precisa de $\frac{2}{3}$ dos votos das persoas censadas na asemblea.

Explica as conclusións do traballo, como poder ampliar o prazo para presentar mocións e que as votacións sexan máis fáciles, por período e usabilidade do Participa.

Lembra que as mocións supoñen recursos da cooperativa e que hai que votar con conciencia da súa importancia.

Apúntase poder recibir retorno da moción para poder melloralala para o próximo ano.

Valórase en positivo que sexan froito dun traballo dun grupo de persoas. Por outra banda, sinala que unha proposta proveniente dun Grupo Local non implica que xa sexa unha moción validada para incorporar á orde do día, pois tamén hai que traballala con diversidade de persoas.

Proposta:

Acéptanse as primeiras 10 mocións que reúnan os apoios que igualem ou superen o 60 % do censo participante na última Asemblea Xeral Ordinaria.

Este número será válido sempre que estea entre unha marxe de entre 300 e 500 apoios.

Se hai máis de 10 mocións que contan con máis de 500 apoios, quedarán incluídas na orde do día da Asemblea Xeral, de acordo coa Lei de Cooperativas.

Pode votar e participar calquera persoa socia.

Documentación:

https://docs.google.com/document/d/1aAKAzy28Fg27Q7JalHsvhnw1iOfV9naUBH_i--c6zjc/edit

11. Axudar á promoción de instalacións de autoprodución mediante o lobby fiscal

Moción traballada en primavera. Sinálase que se quere apoiar, mais de xeito que non xere desequilibrio nos orzamentos municipais, é dicir, que recursos públicos vaian destinados a persoas que non o precisen tanto. Ollada redistributiva a longo prazo e para que os Grupos Locais poidan influír en concellos que nestes momentos non dan ningún apoio fiscal para a instalación de placas fotovoltaicas.

Núria Albet le os diferentes puntos da proposta.

- 1. Elaborar un documento de apoio para a cooperativa (Grupos Locais, persoas socias) sobre a redución de impostos municipais para as vivendas con instalacións de autoprodución de enerxía eléctrica con paneis fotovoltaicos, que teña como punto de partida os seguintes posicionamentos:**

1. Redución do IBI	
Até os primeiros 1.500 Wp	Redución do IBI equivalente a un 20 % do custo da instalación.
Entre os 1.500 Wp e 3.000 Wp	Redución do IBI equivalente a un 10 % do custo da instalación.
De 3.000 W a 6.000 Wp	Redución do IBI equivalente a un 5 % do custo da instalación.

- 2. Solicitar asesoramento de Som Energia sobre o proceso que seguiron noutras localidades para esta negociación cos concellos.**

- 3. Accións para a simplificación normativa e burocrática**

- 4. Creación dun GTT para unha Ordenanza Solar Municipal**

Documentación:

<https://docs.google.com/document/d/13m5C0wrJ7c60IHAYTJhMshtJ0YWtF2pOkJfDmF1-0kg/edit#heading=h.qjdgxs>

12. Estudar e avaliar a fotovoltaica flotante da man das cooperativas europeas

Traballouse nunha sesión. A instalación de placas fotovoltaicas flotantes é unha opción que precisa de máis investigación.

A proposta é decidir se a cooperativa quere trasladar a REEScoop a solicitude de facer un estudo cos pros e contras deste tipo de instalacións.

Documentación:

https://docs.google.com/document/d/1lalrtu1kjZr_esaJiRn-rhem9jokA102P4-sPSd2S4w/edit

13. Estudar e avaliar o impacto da centralización do Equipo Técnico de Som Energia

Moción traballada en varias sesións de traballo e no encontro de Grupos Locais. As conclusións foron que hai descoñecemento de como traballa o Equipo Técnico. O feito de presentar ofertas de traballo en distintos territorios debe responder a un obxectivo de achegar valor ás accións da cooperativa (por exemplo, comunidades enerxéticas, etc.).

Núria sinala os puntos da proposta:

1. Parte informativa que explique ás persoas socias como se organiza o Equipo Técnico (énfase nos elementos de cohesión) e análise de que perfís poden ser ou non localizábeis na sede central. Explicar tamén cales son as medidas de flexibilización laboral e conciliación.
2. Compromiso de, ante os retos da transición enerxética renovábel e distribuída, explorar de que xeito podemos acelerar o valor de Som Energia cara esta mudanza desde a súa participación no territorio, achegando profesionalización, mediante postos laborais deslocalizados da sede central, incluíndo a necesidade de desenvolver proxectos locais entre os que destaquen Comunidades Enerxéticas Cidadás e Comunidades Renovábeis, coa necesidade de poder localizar postos de traballo onde se desenvolvan os proxectos.

Documentación:

<https://docs.google.com/document/d/1G092zAr0HkwnW0W83e9ZD3pC-3iJuDxsmcedFEFY0RI/edit>

Roger retoma a palabra e infórmanos de que xa votaron máis de 150 persoas. (11:30 h). Tamén lembra que hai espazo para dúbidas, consultas e queixas. Dá a palabra a Ricard Jornet.

14. Usos e reparto do donativo voluntario

Proposta que se traballou no Encontro de Grupos Locais, así como nun encontro virtual xunto co Equipo Técnico e o Consello Reitor.

A idea é que cada ano se revise e que a designación sexa de utilidade para a cooperativa. Que haxa unha dinamización proactiva cara os Grupos Locais para que poidan desenvolver proxectos. Como revisión de máis calado, abordar como se pode xestionar este donativo e traballar a visión social do donativo voluntario (por ex., fundación/ pros e contras, etc.).

Outra conclusión foi que a xeración non debería estar financiada por este donativo; daquela, haberá que introducir este debate na estratexia de xeración.

Por outra banda, sinálase a inqueda xerada para saber que parte iría destinada ás Comunidades Enerxéticas.

Ricard le a proposta que se leva a votación.

Actividades para financiar co donativo voluntario	Obxectivo do % para acadar
Soster a estrutura dos Grupos Locais	30-40 %
Apoio inicial das accións de Som Energia en relación coas Comunidades Enerxéticas	40-50 %
Financiar a busca de proxectos de Xeración de Som Energia	15-25 %
Apoio a accións de pobreza enerxética	5-15 %
Apoio a accións de eficiencia enerxética	5-15 %
Apoio a accións de transformación, comunicación, antioligopolio, lobby, xustiza climática, transición enerxética transformadora e preservación do medio ambiente, cooperación internacional.	5-15 %

Documentación:

<https://docs.google.com/document/d/1TdKL7tvKjeMziOalmCoGwiKci5GY4WNv7go4ssiUldE/edit>

Roger retoma a palabra e condúcenos a Barcelona, onde Sara nos fai o retorno do Plan de Acción do 2020.

15. Retorno Plan de Acción 2020

Sara explica este punto informativo, lembrando que estamos en maio e non coincide o calendario democrático co ano fiscal que remata e comeza en decembro-xaneiro.

Destaca tamén que o 2020 non foi un ano fácil, para a sociedade e para a cooperativa. O Equipo Técnico tivo que adaptar o seu xeito de traballar, así como os Grupos Locais e todas as persoas socias.

Podemos celebrar que os grandes fitos, como o encontro de Grupos Locais, o Xerminador Social, etc. puideron realizarse virtualmente.

LE1 Gobernanza. En canto á LE1, sinalamos que se seguiu implantando o modelo de gobernanza definido no documento de Ensó. Segue o despregamento das vogalías, etc.

LE2 Participación. Neste ámbito está o compromiso no desenvolvemento do Plan de Igualdade, que se implanta primeiramente dentro do Equipo Técnico con ánimo de estendelo a toda a cooperativa.

LE3 Grupos Locais. Un ano complicado para os Grupos Locais, que adaptaron a súa tarefa en canles virtuais, e o diagnóstico, referente a estes grupos, non se realizará até o 2021.

LE4 Medrar a un ritmo sostíbel en favor do desenvolvemento da liña 7. Explicar que a creación dunha Fundación queda supeditada ás conclusións do traballo para realizar e explicado xusto no punto anterior.

LE5 Alianzas con outras organizacións. Non hai nada planificado, mais si que se fixeron accións concretas. Por unha banda, no ámbito da formación, tanto con respecto á plataforma como de contido. En autoprodución, técese alianzas coa estratexia. (con enxeñaría, etc. arredor de compras colectivas e outros proxectos singulares).

LE6 Estratexia de Lobby. Non se puido realizar no 2020, mais si estará no 2021.

LE7 Aforro e Eficiencia. Comézanse a enviar informes de infoenerxia a empresas e consolidarase en 2021. Seguimos coa ferramenta transicioenergetica.cat. Hai dúas accións que xorden de REEScoop, como TupperWats e o Fórum (compartir coñecemento sobre eficiencia enerxética) non se puideron avanzar e seguirán en 2021.

En autoprodución, publicouse a Guía de Comunidades Veciñais.

En xeración, comézase a debater unha estratexia. Desta primeira reflexión, indicamos que queremos poñer máis o foco na calidade de proxectos, pois o feito de ser renovábel será unha característica común.

Formación. Destácase a posta en marcha da Aula Popular, con cursos para as persoas socias e a cidadanía en xeral.

Comercialización: destácase a estratexia de compra, como acción que hai que validar e facer seguimento como estratexia válida. O modelo de tarifas en canto a autoprodución xa se incorporou.

Documentación:

https://docs.google.com/document/d/1qNJHcLwaFsybss_pe-8QhcwT5AkExIkNKwWmgBQLiOU/edit

Roger retoma e lembra que a votación está aberta e que máis de 200 persoas votaron e o seguimento foi de 350 persoas na primeira hora da Asemblea. Traslada a palabra a Ricard para que explique as propostas referentes ás achegas voluntarias ao capital social.

16. Tipo de Xuro anual ás achegas voluntarias ao capital social

Sinala que a proposta é remunerar ao 1 % as achegas voluntarias ao Capital Social, correspondendo á reflexión de que na contorna económica actual o tipo de xuro é moi baixo, mesmo os bancos están a cobrar por ter o diñeiro nas contas. Por outro lado, a parte de comercialización presenta resultados sólidos e non supoñen afrontar risco por parte destas achegas.

Documentación:

<https://docs.google.com/document/d/1EnATC6sYMIKElqt9r1GYGALOYeEGNH3fY7pp9RoIN74/edit>

17. Período de devindicación das achegas voluntarias ao capital social

Cada mes de maio, realizamos a proposta de renovación. Até o día de hoxe, se se modifica o tipo de xuro, o novo tipo aplica ao período de xaneiro a decembro dese mesmo ano (polo que ten un carácter retroactivo de xaneiro do ano en curso até a data da celebración da Asemblea). Nesta Asemblea propónse que cada ano a partir deste, cando a asemblea vote o tipo de xuro, a modificación afecte desde xuño do ano en curso a xuño do ano seguinte. Así, se alguén non está de acordo coa decisión tomada en asemblea pode retirar a súa achega antes de que lle afecte o novo tipo de xuro. Esta proposta, sinala Ricard, ten todo o sentido porque coída as persoas socias a nivel económico.

Documentación:

<https://docs.google.com/document/d/1EnATC6sYMIKElqt9r1GYGALOYeEGNH3fY7pp9RoIN74/edit>

18. Ratificación e continuidade do modelo de achegas voluntarias ao capital social

Ricard le o acordo de 2017, no que se autoriza o Consello Reitor a emitir até 50 millóns de euros en achegas voluntarias. Indica que se abriron dúas emisións, unha no 2017 e outra no 2019.

En 2019, o Consello Reitor aprobou un modelo de acordo de admisión no que se trasladaron as Resolucións da Asemblea Xeral e dos Estatutos relativas ás achegas voluntarias.

O devandito modelo concretaba o destino das achegas voluntarias relacionado co obxecto social da cooperativa (produción e comercialización de enerxías renovábeis).

Aclarouse que o importe máximo para achegar é de 100.000 € (previsto en asemblea) e referíase ao total acumulado por cada persoa en achegas voluntarias.

Aclarouse que o xuro devindicaba no día seguinte ao desembolso da achega.

Deuse prioridade ao correo electrónico como medio de notificación.

Estableceuse unha cláusula de privacidade e un dereito de desistencia de acordo coa lexislación vixente.

Ricard sinala que a proposta consiste en validar e manter a autorización da Asemblea Xeral para continuar emitindo achegas voluntarias até que se esgote o importe de 50 millóns de Euros, así como ratificar o modelo de acordo de admisión aprobado polo Consello Reitor o ano 2019 e as emisións e acordos de admisión aprobados no marco das condicións fixadas pola Asemblea até día de hoxe.

Documentación:

https://docs.google.com/document/d/13fWDkCvS8_N1K169pI2Oe5xY0LI_y_Dp-LkwKLjbyAl/edit

Roger entrega a palabra a Assumpta Farran, lembrando a súa positiva intervención no Senado.

19. Tarifas Eléctricas 2021 e información das novas peaxes

Assumpta Farran explícanos que se atopa en Espluga de Francolí na Conca de Barberà, (Tarragona).

Sinala a actualidade das tarifas debido á mudanza regulatoria e que xa se falou na anterior Asemblea, pois a mudanza estaba prevista para novembro de 2019. Agora si, en dous días farase realidade, vainos afectar e imos falar sobre iso.

Lembra que o deseño das tarifas é feito polo Equipo Técnico, mais en función dos criterios que decidimos na Asemblea Xeral, dos valores que deben rexer. Ademais que, finalmente, o Consello Reitor dará o toque político que considere oportuno a estas tarifas.

Sinala a aprobación en Asemblea de que haxa dúas revisións anuais, de que as tarifas se realizarían en función do EBITDA e que a marxe xa non só se aplicaría ao termo de enerxía senón tamén á marxe de potencia.

Assumpta explica que tras este marco acordado xa se estivo a traballar nesta liña.

Lembra que o ano pasado, no segundo semestre, baixáronse tarifas nun 7 %. En xaneiro non se actualizaron, como decisión política, pola situación afectada pola Covid e pactouse que a actualización fose para o mes de abril, cando estaba prevista a aplicación do cambio regulatorio. Aínda que non houbo ese cambio, actualizáronse as tarifas. Por que se fixo a actualización? Por unha banda, para incorporar parte da marxe no termo de potencia como se acordara en Asemblea e actualizar as tarifas. Nestes primeiros meses do 2021, o prezo da enerxía foi moi elevado polo Filomena, pero máis foi o mes de abril e non había ningunha previsión. Por iso, a compra no mercado diario, que é normalmente un 20 %, foi algo superior polo crecemento e empurrou esta actualización.

Agora co cambio regulatorio, que se fixo efectivo o cambio programado, implicou unha nova actualización. Houbo unha simplificación porque o 98 % pasaran a ter unha única tarifa, con 3 períodos de enerxía e dúas potencias contratadas. Moitos xa tiñamos a discriminación horaria e non vai mudar moito.

Creo que cos Grupos Locais imos axudar a ter claros os períodos. Lembra os horarios. Cal será o impacto nos nosos recibos? Para os que non pasamos a Discriminación horaria un aforro de 10-15 € anuais, en cambio, quen tiña dous períodos se non nos desprazamos á noite e na fin de semana, encarecerase.

Para as 2.1 será un cambio neutro e o resto de tarifas estará por ver.

En canto á marxe de potencia, o prezo termo de potencia baixou a pesar de pór marxe e iso axuda a que non haxa moito cambio nos nosos contratos.

Assumpta nomea os prezos das tarifas. Destaca que en P3 baixa o prezo de potencia contratada e lembra as dúas modificacións de potencia que se poden realizar gratuitamente.

Nos contratos de autoconsumo imos á alza, da orde de 150 altas de autoconsumo anual e actualmente case 2.800 contratos desta modalidade. Nos meses de máis radiación, o 1 % da enerxía vén dos excedentes destas instalacións. Nomea o prezo dos excedentes, que se corresponde co de compra a mercado a futuros. (0,051 € o kWh).

A respecto do Bono Social, até agora na factura especificábase á parte da tarifa o importe destinado a esta finalidade. Incluso en Asemblea se votara que se seguisse dando visibilidade a ese importe diferenciado. Por temas legais non vai poder ser así, e a parte destinada ao bono social incorpórase no prezo da tarifa, mais incorporárase unha frase indicando o monto achegado no ano a efectos informativos: «No ano 2020, Som Energia contribuíu con 397.408,41 euros ao financiamento do bono social. Todas as comercializadoras están obrigadas a financiar o bono social, que só poden ofrecer as comercializadoras de referencia (máis información).

En canto á tarifa indexada, traballouse moito neste tipo de tarifa, para poder incluír unha tarifa co prezo variábel as 24 h vinculada á evolución do mercado. O risco asúmeo a persoa que ten esta tarifa e non a cooperativa.

Polo momento, estase a aplicar a contratos pilotos: 5 contratos 6.1 A, 3 contratos en 3.0 A e un contrato 2.0 DHA.

Por que non se puido ir máis lonxe? Moitos cambios que absorberon a capacidade de traballo do equipo, mais no final de ano agárdase que se produzan avances.

Roger entrega a palabra a Ero Lugilde.

Documentación:

<https://docs.google.com/document/d/1PK3wnm59LN2s0yFkxhlv-9HSeG3y1YxJjpiFHV7qRg8/edit>

20. Modificacións estatutarias: Desenvolvemento da web corporativa

Ero lembranos que os estatutos son a nosa normativa, e ao longo do tempo debemos ir axustándoos. Nesta asemblea a votación das modificacións realizarase por grupos.

A primeira modificación proposta é a referente ao desenvolvemento da web corporativa, que se aprobou e rexistrou o ano 2019 mais require desenvolvemento. Basicamente é incluír unha serie de previsións que apunta a Lei de Cooperativas, como indicar que os Estatutos e o Regulamento Interno estarán ao dispor das persoas socias na web corporativa, etc.

Documentación:

https://docs.google.com/document/d/1xHhZAr9E2XIt7KXsg1A5cWGSUrn9I56D_HV19TiEA/Kc/edit

21. Modificacións estatutarias: Adaptación a normativa

Basicamente é adaptar a linguaxe ás modificacións legislativas que se produciron desde a súa aprobación (modificación dalgunhas referencias numéricas e nomenclatura).

22. Modificacións estatutarias: Obxecto social

Outro punto para modificar é o obxecto social que define as actividades que leva a cabo Som Energia. Propomos engadir unha serie de actividades adicionais que dean resposta ao reto das comunidades enerxéticas, como por exemplo asesoría, mantemento, enxeñaría, etc. para instalacións renovábeis propias ou de terceiros, xa que para o seu desenvolvemento será necesaria este tipo de actividade e a día de hoxe, nos nosos estatutos, non se contemplan de xeito específico.

23. Modificacións estatutarias: Comunidades de bens como socias

Nos estatutos falamos da posibilidade de admitir aquelas persoas socias que teñan interese en realizar a actividade cooperativizada e que sexan persoas xurídicas e/ou físicas, mais as comunidades de bens non se engloban en ningunha destas dúas figuras, e a súa condición de persoa socia contéplase na Lei de Cooperativas. Así que se propón ampliar a linguaxe para poder incorporar as comunidades de bens na cooperativa.

24. Modificacións estatutarias: Acordos de admisión por parte do Consello Reitor

Trátase de dar máis marxe de manobra ao Consello Reitor para aprobar cada un dos acordos que se realizan por cada unha das persoas socias da cooperativa. Os acordos sempre deberán respectar as directrices da Asemblea, mais mentres se adoptan no período interasemblea, o Consello Reitor debe poder aprobar todos os detalles da última versión dos documentos que regulan as achegas voluntarias, sempre obviamente que se respecte a lei, os estatutos e todas as directrices e condicións fixadas pola Asemblea.

25. Modificacións estatutarias: Aprobación do Regulamento de Réxime Interno por maioría simple

De acordo co texto dos Estatutos, actualmente a súa modificación require o $\frac{2}{3}$ dos votos, como no caso dos Estatutos. Ao ser un documento moito máis vivo, propomos que só requira unha maioría simple para a súa modificación. Ao final, o que regula non é da mesma importancia que os Estatutos e require un desenvolvemento dinámico que esa maioría non permite. Respéctase en calquera caso a maioría reforzada que require a lei para as condicións fixadas no Regulamento de Réxime Interno relativas ás condicións laborais das persoas socias de traballo.

26. Modificacións estatutarias: Reunións virtuais do Consello Reitor

Ero lembra que, a día de hoxe, amparado polo decreto da Covid, o Consello Reitor estase a reunir virtualmente, mais cando pase esta situación é preciso amparar por Estatutos as reunións virtuais do Consello Reitor. Daquela, propónse poder realizar reunións virtuais, xa que é moi útil cando os membros do Consello Reitor viven en distintos lugares, afastados, permite a redución de emisións de CO₂, etc.

Lembra que estas votacións se levarán a cabo en bloques temáticos tal e como se especificou na orde do día para que a base societaria os acepte ou rexeite.

Documentación:

https://docs.google.com/document/d/1G1X-OggEQP2R_62F4Qy5N6mjjG21LILZY616RYD9czs/edit

Roger lembra que temos a web da asemblea coa retransmisión en liña, ademais de toda a información dispoñíbel, ademais do Participa, onde as persoas socias puideron realizar os debates previos e agora trasladar dúbidas e finalmente o panel de votacións.

Recomenda revisar o correo electrónico que se enviou con todas as instrucións.

27. Renovación do Consello Reitor.

Roger comenta que se xerou debate este ano arredor do tema de xénero, xa que só se presentaron candidaturas de homes. Isto xerou preocupación por parte de persoas socias, que a fixeron chegar por correo, e tamén nos Grupos Locais. Que pasa coas mulleres? Onde están? Que estamos a facer mal?

En xeral, na cooperativa, atopamos moitos máis homes, aínda que en diferentes instancias (Escolas, encontro Grupos Locais, etc.) tivemos coidado de non crear espazos

discriminatorios. Precisamos entender por que se dan estas situacións, para poder executar accións para ser máis inclusivas.

Roger convida a que toda persoa, sobre todo mulleres, que queira achegar olladas e suxestións escriba un correo electrónico a participa@somenergia.coop

Este ano, no Consello Reitor, hai 4 vacantes (3 por finalización do período e unha por dimisión antes da finalización do seu mandato). Roger nomea as distintas candidaturas: Antonio Agut Sole, Borja Barredo Prieto, Albert Clusella Vilaseca, Paco Jofra Carrasco, Jaume Josa i Pons, Jaume Riera Codina e Enrique Zimmermann Galarza.

Este ano vótase as persoas que se consideren máis oportunas para ocupar estas vacantes.

Lembra que houbo un espazo para coñecer as diferentes persoas que se presentaron, que foi moi útil.

28. Renovación da Intervención de Contas

Neste órgano hai unha vacante e dúas persoas que se presentaron: Malaquias Jimenez Ramirez e Jesús Salgado Criado.

29. Plan de Acción 2021

Sara explica que cada acción se sitúa en cada vogalía concreta, cun calendario de implantación e uns indicadores.

Este Plan provén das mocións, accións pendentes do ano anterior, retos do ano pola conxuntura do momento.

En Comercialización, a máis importante é como nos provemos de enerxía (polo complexo) e establecer indicadores para ver como evoluciona a estratexia. Outro reto, plan de continxencia. Criterio contratos/persoas socias. Tecnoloxías e, pola Covid, os impagamentos.

En Xeración, estase a repensar o modelo e vaise facer difusión que cruza varios temas, como financiamento, modelo societario e participación cidadá. Gustaríanos en 2025 ter un 30 % de xeración propia.

En Autoprodución, ter en conta as Comunidades Enerxéticas atravesa transversalmente outros ámbitos. As compras colectivas, outras opcións de financiamento.

En Pobreza Enerxética segue pendente o posicionamento político.

En Formación formalizouse o espazo da Aula Popular, durante este 2021 dotarase de contido e alianzas para unha proposta formativa cada vez máis completa.

En gobernanza, séguese a traballar con maior coordinación entre Consello Reitor, Equipo Xerencia e vogalías. Implantar un novo modelo de xerencia. Reflexionar tamén sobre o Plan de Gobernanza da cooperativa (GTT-CR- ET), consolidar o Regulamento Interno.

En canto á participación, quérese traballar para unha diversidade na participación (xénero e outros eixos, idade, clase, etc.). Polo tanto, pénsase realizar un diagnóstico da participación.

En Grupos Locais, realizouse diagnóstico e devolutiva. Son dinámicos con moito potencial e conxuntamente debemos deseñar que rol queren levar a cabo.

Finalmente, facer visíbel o noso modelo de acción, para que saian máis iniciativas, e incidir en espazos de decisión (lobby enerxético).

Sara, en resumo, conta que foi un ano de moita redefinición, menciona os eixos principais.

Sara menciona outros aspectos relevantes como a busca dun equipo de xerencia, que finalmente, despois dun tempo de entrevistas se creu conveniente contratar a K2K, empresa que implanta modelo de organización baseado en autoxestión e que está na liña de traballo de Som Energia e co apoio temporal da cooperativa Fil a l'Agulla.

Outro aspecto relevante é a compra dun terreo para unha futura sede da cooperativa. Medramos e o Parc Tecnològic UdG non pode cubrir a necesidade da cooperativa.

Por último, contratamos unha cooperativa experta, Tandem, para traballar as axudas europeas de Next Generation.

Documentación:

https://docs.google.com/presentation/d/1n3kUEGyqXW8wkguQR_RxEAnI9M8Z20w-aqkcA-OGhHU/edit#slide=id.p1

Finalmente, Roger traslada a palabra a Albert para o último punto da Orde do día, Orzamento 2021.

30. Aprobación do Orzamento 2021

O orzamento realizouse en decembro de 2020, acordamos accións (Plan de Acción) e despois dótase de orzamento antes de rematar o ano. Como podedes imaxinar, con toda a incerteza e cambios de prezo da enerxía, o orzamento vese modificado en parte.

Albert mostra o que se planificou e nomea as posíbeis alteracións.

Este orzamento fíxose para un EBITDA nun 0,7 % de rango e pensando que as tarifas se manterían, até a data do cambio regulatorio, programado para o mes de abril. Como se pode imaxinar, con toda a incerteza e cambios de prezo da enerxía, este orzamento pode mudar.

Hai aumento de provisións por morosidade, debido á Covid.

Este ano, nos gastos salariais, agardamos que o equipo continúe a medrar, pasando de 80 a 95 (xornadas completas).

No que se refire aos gastos de explotación, prevemos que suban os alugamentos, así como o custo de aprovisionamento da enerxía (incluíndo as garantías de orixe), servidores de IT, etc. Tendo en conta as prioridades por parte do Consello Reitor tamén pode aumentar a dotación para transición enerxética.

Respecto a provisións, Pensamos que será o último ano en que se realice a provisión do IAE.

Por outra banda, preséntase resumo de xuros que pagamos, sen alteracións maiores.

Finalmente, cabe destacar o incremento da provisión por morosidade.

Documentación:

https://docs.google.com/document/d/1C74b8sc4YdcWj_7N03ykb37Pmje1BKStBg8AGY_GtaE/edit

Roger retoma a palabra ás 12:15 h, anunciando os próximos pasos. En primeiro lugar, un descanso que permite ás persoas socias incorporar as súas dúbidas a través do Participa. Ás 13 h retomaremos para responder até as 13.45 h e ás 13:55 h pecharase a votación, expondo os resultados ás 14 h.

Retómase a sesión e Roger explica que a resolución de dúbidas será por bloques.

Respostas ás dúbidas.

Bloque Finanzas

Albert Banal coméntanos que lerá e responderá as preguntas por orde de chegada.

Pregúntase polo criterio concreto para as reservas obrigatorias dun 61 %, cando a norma pide un 20 % mínimo, se non sería máis beneficioso dotar a reservas de capitalización máis importe para así reducir o imposto de sociedades. Albert comenta que efectivamente reduciría o imposto de sociedades, mais temos uns límites máximos, e en función destes límites dótase a reserva de capitalización.

Segunda pregunta, referente á auditoría de contas, se houbo outras opcións ou empresas. Albert informa de que a empresa actual se contratou no momento en que foi obriga a auditoría externa e que funcionou ben e por este motivo, xunto co equipo de finanzas, o CR decidiu renovar. De cara a futuro poden valorarse outras propostas.

Terceira pregunta, reflectir mellor no orzamento o cambio de tarifas e peaxes. Explica Albert que é un cálculo complicado, que o Equipo Técnico podería pasar horas explicando, mais a fin de ano faise estimación de enerxía para comprar e o seu custo e despois, decidindo

manter tarifas até abril, e despois faise aumento tendo en conta a nova estrutura de cargas e peaxes, para chegar ao EBITDA entre 0,5 y 2 %. Isto foi unha previsión e coa realidade modificouse o cambio regulatorio e a previsión será diferente á realidade.

Cuarta pregunta, referente á achega enerxética e económica que recibe a cooperativa, do balance negativo neto dos contratos de autoconsumo simplificado. Certamente, este excedente supón unha redución de enerxía para comprar por Som Energia, mais polo momento é unha cantidade pequena e residual. Non temos cifras concretas, xa que as recibimos cun desfase de 8 meses. Aínda así, cremos que será bastante pequena.

Finalmente, en referencia á presentación de resultados, en termos de decimais e números, que se tomarán en conta para mellorar.

Bloque Xurídico

Roger infórmanos de que non houbo dúbidas a respecto das propostas presentadas.

Bloque de mocións

Pregúntase polas persoas que deixan o Consello Reitor. Irene Machuca cóntanos que tres persoas finalizan o seu mandato no CR: Núria Albet, Roger Reixach e Ero Lugilde. Por outro lado, Roger lembra que Mario Andrés renunciou a continuar ocupando o cargo con efectos a partir desta Asemblea e despois de 2 anos ao cargo e quedándolle pendente de finalizar 2 anos adicionais.

Núria Albet responde a pregunta a respecto da Intervención de Contas, a respecto do proceso necesario para ampliar das 3 persoas actuais a 5 e 7 persoas. Isto requiriría un cambio de Estatutos, polo tanto trataríase de propor unha moción e, se é aprobada pola Asemblea con maioría reforzada, cambiaríase e o ano seguinte ampliaríase en número de persoas.

A respecto de cales persoas concretas reciben apoio, en pobreza enerxética, si habería a posibilidade de crear unha bolsa de solidariedade entre as persoas socias, ao estilo mutua, para situacións de emerxencia (paro, etc.). Roger sinala que se está a traballar con distintos colectivos como a Alianza contra a pobreza enerxética. Tamén na nosa estratexia hai accións ao respecto. Finalmente, entre CR e ET xérase un grupo para traballar o tema dos impagamentos e ter maior perspectiva, que axuda no tratamento dos casos. É importante comentar que a partir de setembro se abre este grupo de traballo onde a base social poida achegar ideas e desenvolvamos xuntos estratexias. Un conflito detectado é que a bolsa de solidariedade pode facer un efecto de chamada e chegar en situacións críticas.

Núria Albet comenta que hai unha consideración a respecto da repartición do donativo voluntario e a marxe de mínimos e máximos para cada bloque. Núria explica que a marxe é unha referencia que quere indicar a priorización.

A respecto da pregunta de se Som Energia é comunidade enerxética, se o donativo tamén podería ir destinado á autoprodución. Núria responde que a estratexia de autoprodución compartida entra dentro do ámbito de xeración. Cando se fala de comunidades enerxéticas, en canto a designación do donativo voluntario, refírese a comunidades enerxéticas locais, con outras figuras legais, coa función de impulsalas e establecer unha relación con elas.

A última pregunta, sobre lobby fiscal, dise que en Barcelona a redución do IBI é superior á que se propón na moción. Núria explica que a moción se pensou para todos os concellos nos que aínda non existe esta redución e que o traballo debe comezar desde cero.

Bloque Plan de Acción 2021

Pregunta sobre a situación do terreo e se se valoraron outras opcións de menos impacto ambiental como as remodelacións. Sara comenta que antes de chegar esta opción foron 3 anos analizando outras opcións, con rehabilitación incluída, mais que non foi posíbel. O terreo é en solo urbano edificábel até 5 plantas, ben comunicado a nivel de transporte en Girona e permite decidir o proxecto que queremos (incluír outros usos, espazos compartidos, modelo mixto de traballo, etc.). Os criterios ambientais están por definir, convocarase a participación para iso.

En caso de que en Catalunya se faga moratoria de proxectos menores de 50 MWh (temos dúas plantas) e priorizando xerar en Catalunya como se fixou en Asemblea, preveuse algunha acción ou outras alternativas? Agardemos que a moratoria non afecte os nosos proxectos, de feito non temos proxectos grandes e non pensamos facer proxectos grandes. Somos conscientes de que os nosos proxectos non están onde está o consumo na súa maior parte e pensamos cambiar esta situación por coherencia.

Outra pregunta: Que postura ten Som Energia fronte a proxectos renovábeis de dimensións grandes ou en solo agrario? Sara sinala que hai un debate público con moitos puntos de vista. A cooperativa está atenta e receptiva a estes debates. A nosa postura é tentar difundir o noso xeito de facer os proxectos de xeración e a nosa aposta é de diferenciación na propiedade e o control destas plantas. É dicir, non só convocar a cidadanía ao final do proceso cunha participación económica, senón que desde o inicio estea participando de forma real.

Bloque Tarifas

Primeira pregunta: indica a diferenza abismal entre o prezo da enerxía e o prezo dos excedentes para compensar. Assumpta sinala a diferenza de 3 veces. Cando Som Energia compra enerxía só compra este concepto; en cambio, cando unha persoa socia compra enerxía, no prezo inclúense outros conceptos como custo de peaxes, cargos (políticas), impostos, e estes tres custos son case o mesmo valor que o prezo da enerxía.

Segunda pregunta, referente á fixación de prezos na tarifa GenerationKWh, xa que hai moi pouca diferenza na tarifa normal das persoas socias, e ademais, como afecta todo isto aos tramos horarios. Assumpta explica que a resposta é parecida á anterior, no caso do

GenerationKWh, o desconto ten que ver co termo da enerxía. O resto de custos (impostos, peaxes, cargas, etc.) é exactamente a mesma. Outra novidade é que, antes, en discriminación horaria, non había prezo no período val; en cambio, agora hai unha diferenza favorábel neste período. O motivo é a fin de semana, cando se produce enerxía en horario val.

Terceira pregunta: cal é o motivo de comprar a electricidade nos momentos en que está máis alta (anotación)? Som Energia debe ir comprar no mercado no momento en que as persoas socias están a consumir enerxía. Os contratos domésticos, o 80 % de contratos da cooperativa, consome enerxía en momentos en que a enerxía é moi cara, polo tanto as centrais que operan son caras e contaminantes. É dicir, con prezos de oportunidade. Este é o tema, que precisamos cubrir a enerxía en momentos en que o prezo é elevado. Non sucede no mercado a futuros, mais debemos comprar a mesma cantidade de enerxía para todas as horas e hai horas en que non precisamos tanta.

Eduard quere agregar algunha aclaración, con máis detalle, a respecto doutros bloques. Concretamente, o referente á presentación de orzamentos. Fanse sobre a base dunha previsión. Este ano, o goberno cambiou a parte regulada, polo que non pasa nada no noso orzamento porque Som Energia fai un rol moi de intermediario, así que aínda que suban ou baixen os ingresos, na parte de orzamento cambia na mesma proporción. Polo tanto, non ten ningunha consecuencia práctica real a final de ano.

Outro detalle: en canto a autoconsumo, lémbraos que no autoconsumo simplificado, se hai un excedente que supera o que se pode compensar na factura, este aforro queda na cooperativa. Mais este aforro, polo momento, aínda non o coñecemos. Comeza o 2020 esta modalidade, as distribuidoras son responsábeis das lecturas, unha que envían ás comercializadoras con que facturan e outra á Rede Eléctrica, quen fai unha suma de todas as comercializadoras de España e despois fai peches coa parte económica correspondente a cada comercializadora. Se o ano pasado funcionara correctamente, só teríamos datos dos primeiros meses. Como as distribuidoras non adaptaron os seus sistemas adecuadamente, non temos datos da Rede Eléctrica. Daquela, non coñecemos este aforro.

Roger retoma a palabra e lembra que en setembro volveremos coa Escola do 2021, que a pesar de gañas de encontro presencial, como había que realizar reserva dun espazo óptimo con antelación e aínda estabamos na incerteza das restricións, optouse polo formato virtual, no mes de outubro e comezos de novembro. O fío condutor será a «Transición enerxética transformadora», xa que aínda que está claro que imos cara un modelo 100 % renovábel, o noso reto será se podemos ofrecer un modelo democrático e transformador, con accións colectivas.

Destacar os eixos: escala global norte-sur, un modelo que considere a visión de xénero e sobre todo a territorialidade, coidar das persoas e organizacións que se vexan afectadas por esta transición enerxética.

Aínda así, deixamos a posibilidade de facer un encontro presencial que requira de menos infraestrutura para celebrar os 10 anos da cooperativa.

Albert Banal lembra que as votacións estarán abertas até as 13:55 h e ás 14 h daranse os resultados e dá apertura a un momento de despedida ás persoas que deixan o seu cargo. Sinala o momento especial e emotivo, debido á amizade que se xera no esforzo colectivo para cumprir coas responsabilidades dentro da cooperativa.

31. Despedidas das persoas que deixan os cargos

Xavier Cots, da Intervención de Contas, agradece ese período de traballo conxunto. Reafirma a amizade xerada e a facilidade de relación co Consello Reitor. Ademais, agradece a Carles e Lorena a súa fluidez de comunicación e calidade humana. Desexa acertos futuros para o ben de todos.

Roger traslada a palabra ás persoas que deixan o cargo no Consello Reitor.

Ero Lugilde agradece os 4 anos, porque representaron un momento vital importante con moitas aprendizaxes, ás persoas socias (sexa cal sexa a súa forma de participación na cooperativa), á Intervención de Contas e ao Equipo Técnico (que vai máis aló, como amizade) e especialmente aos compañeiros do CR. Indica que deixa a súa praza como mellor persoa e que a amizade é para sempre. Nomeamento aos Grupos Locais do Maresme e o Montseny e a Sílvia, con quen realizou tantas charlas. Anima a afrontar todos os debates, como de quen sustenta o poder. Nomea, a ese respecto, unha entrevista a Federica Montseny, a primeira muller en ocupar un Ministerio no Estado Español. Así, aspirar a repartir o poder e non a centralo. Por outro lado, lembra a utopía como lugar onde non chegaremos nunca, mais que aínda así avanzamos e cada vez nos afastamos máis dunha sociedade capitalista.

Núria Albet confesa estar emocionada, pois foron 4 anos moi intensos con momentos duros na toma de decisións, mais todo iso compensa porque o proxecto o merece. Seguirei formando parte. Un proxecto que atrae persoas que cren en crear cousas novas e podemos decatarnos de que é posíbel. Agradece a todas as persoas o seu valor material, que lle cambiou a vida.

Roger Reixach lembra os seus inicios co amigo Ero Lugilde. A experiencia repetiríaa sen dúbida. Coa posibilidade de coñecer xente moi nobre, que non se expresa con palabras senón con emocións. O aprendido nesta etapa é que é moi importante traballar coa xente. Valoro o traballo realizado por compañeiros do Consello Reitor (nomea a todos os seus compañeiros) xunto co Grupo Local do Baix Llobregat. Admiración pola forma de traballar do Equipo Técnico, o seu empeño e horizontalidade, onde dedicas a vida polo soldo e máis. Agradecemento encarecido a Marc. Aínda que medrou, queremos seguir aprendendo doutras organizacións e da base societaria. Así, pensando nun mundo mellor, dános osíxeno para seguir.

Sara Gutiérrez, Ricard Jornet, Albert Banal, Irene Machuca, recoñécese esta emoción pola intensidade que supón formar parte do Consello Reitor de Som Energia. Aínda máis nos

últimos anos de transición da organización. Agardando poder seguir compartindo en distintos espazos.

32. Resultados da votación

Finalmente, Roger Reixach retoma a palabra para compartir os resultados que se incorporan a continuación:

Total de persoas no censo:		440			
Pregunta	Positivos	Negativos	En branco	Abstención	
Aprobas as contas anuais 2020?	334	3	12	91	Aprobado
Aprobas a aplicación do excedente cooperativo?	339	3	13	85	Aprobado
Aprobas a renovación da encarga de auditoría de Som Energia SCCL e do grupo consolidado para os próximos tres anos (exercicios 2021, 2022 e 2023) a Auditoría y Control Auditores SLP?	298	7	29	106	Aprobado
Aprobas a proposta de modificación do Regulamento de Réxime Interno en relación co limiar de apoios que precisan as mocións para incorporarse á orde do día da Asemblea Xeral , presentada no documento vinculado a este punto número 10 da orde do día?	291	33	27	89	Rexeitado
Aprobas as propostas de acción en relación con axudar á promoción de instalacións de autoprodución a través de lobby fiscal , presentadas no documento vinculado a este punto número 11 da orde do día?	293	32	18	97	Aprobado

Aprobas a proposta de acción en relación con estudar e avaliar a fotovoltaica flotante da man das cooperativas europeas , presentada no documento vinculado a este punto número 12 da orde do día?	274	49	20	97	Aprobado
Aprobas as propostas de acción en relación con estudar o impacto da centralización do Equipo Técnico de Som Enerxia , presentadas no documento vinculado a este punto número 13 da orde do día?	271	53	30	86	Aprobado
Total de persoas no censo:	440				
Pregunta	Positivos	Negativos	En branco	Abstención	
Aprobas a proposta de uso e reparto do donativo voluntario presentada no documento vinculado a este punto número 14 da orde do día?	305	17	27	91	Aprobado
Aprobas a proposta de modificación do período de devindicación dos xuros do capital social voluntario presentada no documento vinculado a este punto número 16 da orde do día?	289	12	33	106	Aprobado
Aprobas a proposta de xuro anual do capital social voluntario para o ano 2021 presentada no documento vinculado a este punto número 17 da orde do día?	257	44	43	96	Aprobado
Aprobas a proposta de ratificación e continuidade do modelo de achegas voluntarias ao capital social presentada no documento vinculado a este punto número 18 da orde do día?	310	5	22	103	Aprobado
Aprobas as modificacións estatutarias referentes ao desenvolvemento da web corporativa (artigos 4, 10, 38, 55 e disposición adicional 4.ª)?	289	7	33	111	Rexeitado

Aprobas as modificacións estatutarias referentes á adaptación á normativa (artigos 19, 27, 29 e 32)?	291	3	32	114	Rexeitado
Aprobas as modificacións estatutarias referentes ao obxecto social (artigo 2)?	288	4	32	116	Rexeitado
Aprobas as modificacións estatutarias referentes a comunidades de bens como socios (artigo 5)?	282	5	35	118	Rexeitado
Total de persoas no censo:	440				
Pregunta	Positivos	Negativos	En branco	Abstención	
Aprobas as modificacións estatutarias referentes aos acordos de admisión por parte do Consello Reitor (artigos 23, 36 e 44)?	269	9	41	121	Rexeitado
Aprobas as modificacións estatutarias referentes á aprobación do Regulamento de Réxime Interno por maioría simple (artigo 40)?	260	37	33	110	Rexeitado
Aprobas as modificacións estatutarias referentes ás reunións virtuais do Consello Reitor (artigo 47)?	315	2	12	111	Aprobado
Aprobas o orzamento 2021?	288	6	15	131	Aprobado

Candidaturas a	N.º de votos
Consello Reitor	

Antonio Agut Sole	64
Borja Barredo Prieto	290
Albert Clusella Vilaseca	138
Paco Jofra Carrasco	200
Jaume Josa i Pons	171
Jaume Riera Codina	96
Enrique Zimmermann Galarza	138

Candidaturas a	N.º de votos
Intervención de Contas	
Malaquias Jimenez Ramírez	142
Jesús Salgado Criado	166

Roger nomea a circunstancia de empate na 4.^a posición, entre Enrique Zimmermann Galarza e Albert Clusella Vilaseca.

Debido á situación anómala que representa este empate e á falta de criterios estatutarios para desempatar, e como non se poden incorporar ambas candidaturas cuarta e quinta porque os Estatutos establecen un máximo de 9 vogais no Consello Reitor, óptase por nomear, de acordo coa votación, as 3 candidaturas máis votadas (Borja Barredo Prieto, Paco Jofra Carrasco e Jaume Josa i Pons) á espera de analizar a situación máis en detalle e, se corresponde, convocar unha Asemblea Extraordinaria para desempatar a cuarta e a quinta posición.

En canto á Intervención de Contas, a persoa elixida é Jesús Salgado Criado.

Peche da Asemblea

Albert Banal agradece a Claraboia (empresa que realiza o streaming), Multisignes (empresa que realiza a tradución simultánea en lingua de signos) e ao Equipo Técnico, e sobre todo ás persoas socias que seguiron a xornada e fixeron efectivo o seu voto. Até o próximo ano.

Dado que as persoas presentes non teñen máis comentarios, suxestións e/ou dúbidas, o presidente levanta a sesión ás 14:55 h e eu, Roger Reixach, como secretario do Consello Reitor, deixo expresa constancia de que recoñecín, a través de recoñecemento do rexistro informático mediante un sistema de dobre código de acceso (ou contrasinal) na plataforma virtual na que tivo lugar a asemblea, a identidade de todas as persoas asistentes, tamén deixo constancia de que todas as persoas membros asistentes á Asemblea Xeral Ordinaria, que quixeron puideron exercer o seu dereito de participación intervindo verbalmente e vía chat.

Sinaturas:

Presidente do Consello Reitor

Secretario do Consello Reitor.

Despois de ler o contido desta Acta, asínoa e apróboa aos efectos oportunos na miña condición de interventor:

Sinaturas dos interventores da acta.

Joan Josa i Pons

Marta Doncel Garcia

ANEXO: listaxe de persoas socias que participaron na Asemblea Xeral

Impresión do censo para xuntar ao libro de actas da cooperativa.